

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CERCEDA

Servizos Sociais

Bases reguladoras das axudas económicas de apoio á natalidade anualidade 2025

ANUNCIO

Aprobación das bases das axudas ao fomento da natalidade e asentamento poboacional do Concello de Cereda para a anualidade 2025.

A Xunta de Goberno Local aprobou o día 07/05/2025 as bases reguladoras da convocatoria de axudas ao fomento da natalidade e asentamento poboacional do Concello de Cereda para a anualidade 2025, o que se fan públicas aos efectos inicio de prazo de solicitude das mesmas.

Bases reguladoras das axudas económicas de apoio á natalidade.

Ano 2025

Convocatoria de axudas ao fomento da natalidade e asentamento poboacional do Concello de Cereda para a anualidade 2025.

1. OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases reguladoras polas que se rexerá o establecemento de axudas económicas ás familias do Concello de Cereda, co obxecto impulsar estratexias para fixar e fomentar o aumento da poboación municipal e o seu rexuvenecemento, evitando o despoboamento rural.

2. NATUREZA DA AXUDA

As axudas que se outorguen conforme á presente convocatoria teñen a natureza de subvención directa conforme ao establecido no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. PERSOAS BENEFICIARIAS

Serán persoas beneficiarias das axudas reguladas nas presentes bases:

- a) Os proxenitores ou no seu caso acolletores dos menores nados, adoptados ou acollidos entre o 1 de novembro de 2024 e o 30 de outubro de 2025.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

a) Terán a condición de persoa beneficiaria, á data da solicitude da axuda:

1. Persoas beneficiarias conxuntas, serán os proxenitores ou adoptantes, titulares do libro de familia ou documento substitutorio, no que figure rexistralmente o nacemento ou adopción do menor.
2. No caso de que no libro de familia figure un só proxenitor/a ou adoptante, será este a única persoa beneficiaria.
3. Terá a consideración de persoa beneficiaria un só proxenitor ou adoptante que conviva co menor que motiva a axuda, nos casos de nulidade, separación ou divorcio.
4. No caso de custodia compartida, só poderá ser persoa beneficiaria dun dos proxenitores ou adoptante.
5. No caso de acollemento familiar, serán persoas beneficiarias ás que consten na resolución de acollemento.
6. Que non fosen beneficiarios desta subvención en convocatorias anteriores, para o mesmo menor.

En ningún caso poderán ser persoas beneficiarias os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos e fillas ou o se a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

b) As persoas beneficiarias das axudas reguladas nas presentes bases, cuxos menores nados, adoptados ou acollidos entre o 1 de novembro de 2024 e o 30 de outubro de 2025, deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Os pais/nais, titores ou acolledores, ou polo menos un dos proxenitores, así como o menor nado, adoptado ou acollido, deberán estar empadroados no momento da solicitude no Concello de Cerceda.
2. Os menores nados, adoptados ou acollidos, deberán inscribirse no padrón de habitantes do Concello de Cerceda.
3. A persoa solicitante da axuda deberá comprometerse a seguir empadroado no concello, tanto el como os menores obxecto da axuda, por un período de **2 anos** dende a inscrición do menor no padrón municipal. O empadroamento suporá a residencia efectiva no termo municipal de Cerceda, segundo o recollido no artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello de Cerceda solicitando os informes oportunos.
4. Que o menor conviva coa persoa solicitante.
5. Que os pais/nais, titores ou acolledores, estean ao corrente cos obrigas tributarias coa Seguridade Social, Administración Tributaria Estatal, da Comunidade Autónoma e Local.

b) As persoas beneficiarias das axudas reguladas nas presentes bases, no seu casos acolledores dos menores nados dende xaneiro de 2024 e outubro de 2024, non perceptores da axuda na anualidade anterior, deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Os pais/nais, titores ou acolledores, ou polo menos un dos proxenitores deberán estar empadroados no Concello de Cerceda no momento do nacemento do menor.
2. Os menores nados, adoptados ou acollidos, deberán estar inscritos no Padrón de habitantes do Concello de Cerceda prazo máximo dun mes dende o nacemento.
3. A persoa solicitante da axuda deberá comprometerse a seguir empadroado no concello, tanto el como os menores obxecto da axuda, por un período de **2 anos** dende a inscrición do menor no padrón municipal. O empadroamento suporá a residencia efectiva no termo municipal de Cerceda, segundo o recollido no artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello de Cerceda solicitando os informes oportunos.
4. Que o menor conviva coa persoa solicitante.
5. Que os pais/nais, titores ou acolledores, estean ao corrente cos obrigas tributarias coa Seguridade Social, Administración Tributaria Estatal, da Comunidade Autónoma e Local.

5. TIPO DE AXUDA E CONTÍA.

1. Cada nacemento que teña lugar, adopción ou acollemento familiar que se formalice cumprindo os requisitos sinalados nestas Bases será obxecto dunha axuda de 300,00 euros.

2. Non poderá percibirse máis dunha axuda por nacemento ou adopción. En caso de partos múltiples terase o dereito de percibir un 100 % adicional por cada fillo ou filla. No caso de adopción ou acollemento de máis dun menor, terase en conta a mesma porcentaxe de incremento.

6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

1. De conformidade co disposto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, as subvencións previstas nestas bases outorgaranse directamente cando se acrediten os requisitos sinalados nos artigos 3 e 4 destas bases por rigoroso orde da data de presentación de solicitudes e a ata ao esgotamento do crédito orzamentario. Unha vez aprobadas, polo órgano competente, estas bases serán publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do concello de Cerceda, <https://sede.cerceda.es/opencms/gl/>, no rexistro do Concello de Cerceda ou calquera outro dos lugares habilitados ao efecto, de conformidade da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) DNI ou NIE dos pais, titores ou acolledores do menor, no caso de non outorgar autorización para a súa consulta, segundo Anexo II
- b) Solicitude normalizada.
- c) Fotocopia do libro de familiar ou documentación substitutiva.
- d) Copia do acto xudicial de adopción, de selo caso.

- e) Copia da resolución de acollemento familiar, de ser o caso.
- f) Volante de empadramento colectivo, onde conste a data de inscrición do menor, no caso de non outorgar autorización para a súa consulta, segundo anexo II
- g) Copia da resolución xudicial que estableza a quen corresponde a garda e custodia do menor no caso de separación, divorcio ou nulidade matrimonial.
- h) Certificado de IBAN Bancario.
- i) Compromiso de seguir empadroadado no Concello de Cerceda, segundo o anexo III
- j) Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos precisos para ser persoa beneficiaria da mesma, ou ben cando sexa aprobado por parte do Concello de Cerceda que non se cumpre con algún dos requisitos da presente convocatoria.
- k) Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Seguridade Social, Administración Tributaria Estatal, da Comunidade Autónoma e Local, no caso de non outorgar autorización para a súa consulta, segundo anexo II.

3. Será instrutor do expediente a Concellería competente en materia de Servizos Sociais.

4. Os servizos sociais do concello de Cerceda comprobarán que reúnen os requisitos recollidos no regulamento. De non ser así requiriráselle a persoa interesada, para que no prazo de 10 días, emende ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que non ser así, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, se entenderá que desiste do seu pedimento, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5. Unha vez completa a documentación, o departamento de Servizos Sociais emitirá un informe proposta, no que se determinará a concesión da axuda ou a denegación motivada da mesma.

6. Darase traslado do expediente á Intervención municipal aos efectos de certificar crédito suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da prestación proposta.

7. Unha vez completados tódolos trámites, o expediente será elevado á Xunta de Goberno Local para ditar a correspondente acordo, a cal poderá ser:

a) Favorable, no suposto de conformidade co informe-proposta de servizos sociais de cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e a certificación de crédito da Intervención Municipal da existencia de consignación orzamentaria suficiente.

b) Desfavorable: por non cumpriren os requisitos previstos nesta convocatoria, non achegar a documentación requirido, falsidade documental ou esgotamento do crédito orzamentario habitado na partida para esta finalidade.

8. As solicitudes resolveranse no prazo máximo de tres (3) meses a contar dende a data de presentación da solicitude. O vencemento do prazo máximo, sen terse notificada a resolución, lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada a solicitude por silencio administrativo.

7. PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte la publicación das presentes bases e convocatoria no Boletín Oficial da provincia e ata o 30 de novembro de 2025.

8. ABOAMENTO DAS AXUDAS

O pago das axudas concedidas efectuarase nun único pagamento, mediante transferencia bancaria á conta bancaria achegada coa solicitude pola persoa beneficiaria, dentro do mes seguinte á data de concesión da axuda.

9. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

Está axuda será compatible con calquera outra establecida polas administración públicas ou calquera dos seus organismos.

10. DEBERES DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

A presentación da solicitude polas persoas beneficiarias supón a aceptación das presentes bases, quedando obrigados a comunicar ao Concello de Cerceda calquera circunstancia que modifique os requisitos para obter a axuda. Quedan obrigados a reintegrar a axuda concedida cando de incumpran o requisitos para a súa concesión establecidos na presente bases.

Calquera falsidade que se detecte dará lugar, no caso de tela percibido, da devolución da mesma cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puideran esixir.

11. REINTEGRO DAS AXUDAS

1. O incumprimento dos requisitos establecidos nas presentes bases conleva o reintegro das axudas concedidas.
2. O réxime xurídico de reintegro das axudas será o establecido no Título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención e na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

12. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Serán as establecidas nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

13. DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, reservarase crédito na partida 231.480.20 dos vixentes orzamentos da anualidade 2025 do Concello de Cerceda, por un importe total de 12.000,00 euros.

14. NORMATIVA SUPLETORIA

A normativa que regula a concesión de axudas a ao fomento da natalidade e asentamento poboacional do Concello de Cerceda, no non previsto nestas Bases, será a establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvención, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvención, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cerceda

ANEXO I

SOLICITUDE DA AXUDA AO FOMENTO DA NATALIDADE E ASENTAMENTO POBOACIONAL

NOME	APELIDO	APELIDO	NIF/NIE

TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
CP	CONCELLO	LOCALIDADE	PROVINCIA		
TEL MÓBIL 1	TEL. MÓBIL 2	TEL. FIXO	ENDEREZO ELECTRÓNICO		
E,NA SUA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido de dereito)					
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/NIE/Núm. pasaporte		
Correo electrónico					

Datos do cónxuxe/parella/titor

NOME	APELIDO	APELIDO	NIF/NIE/Nº pasaprote

Datos do fillo/a, acollido/a:

NOME	APELIDO	APELIDO	Data de nacemento

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

DNI pais, titores ou acolledores	Resolución xudicial de garda e custodia do menor
Libro de familia ou documentación substitutiva	Acto xudicial de adopción
Certificado IBAN bancario	Volante de empadramento colectivo
Resolución de acollemento, de ser o caso	Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias
Sentenza ou convenio regulador, de ser o caso.	Anexo II

AUTORIZO ☐ SI NON ☐, á consulta dos datos do Padrón de Habitantes de Cerceda.

AUTORIZO ☐ SI NON ☐, á consulta dos datos de obrigas tributarias coa seguridade social, Administración Tributaria Estatal, da Comunidade Autónoma e Local.

Cerceda, _____ de _____ de _____
(sinatura)

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE CERCEDA, con dirección AVENIDA DO MESÓN 21, 15185 - A CORUÑA; LINARES@CERCEDA.ES. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquier momento. Para elo, CONCELLO DE CERCEDA dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Pode consultar a información adicional y detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico alcaldia@cerceda.es

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CERCEDA (A Coruña)

ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DO CÓNXUXE OU PARELLA DE FEITO

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, aceptan a incorporación do seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de terceiras persoas interesadas menores de idade o presente documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a, gardador/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

1. Datos persoa cónxuxe ou parella ou gardador ou titor:

NOME E APELIDOS	DNI/NIE	COMPROBACIÓN DE DATOS		SINATURA
		Os documentos relacionados serán obxecto de consulta polo Concello de Cerceda. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos	OPÓÑOME Á CONSULTA	
		Certificación de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa seguridade social	☐	
		Consulta do padrón de habitantes	☐	

1. Datos relativos ao menor

NOME E APELIDOS	NIF/NIE	MENOR DE IDADE	Pai/nai, titor/a ou representante legal		COMPROBACIÓN DE DATOS	SINATURA
			NOME E APELIDOS	DNI/NIE		
		☐			Os documentos relacionados serán obxecto de consulta polo Concello de Cerceda. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos	OPÓÑOME Á CONSULTA
					Consulta do padrón de habitantes	☐

ANEXO III**COMPROMISO DE EMPADROAMENTO E DEVOLUCION DA AXUDA POR INCUMPRIMENTO DE ALGUN REQUISITO**

Don/dona:.....

Con DNI/NIE/Nº de pasaporte..... e domicilio en

.....

COMPROMÉTOME

1. A seguir empadroadado/a e con residencia efectiva, tanto eu como o meu/miña fillo/a, acollido/a, no Concello de Cerceda por un período mínimo de dous anos-
2. A devolución desta axuda no caso de incumplir algúns dos requisitos esixidos para a súa concesión.

Cerceda, de de 20....

Cerceda 12 de maio de 2025

O Alcalde

Juan Manuel Rodríguez García

2025/3045